

TEMA 2. ORGANIZACIÓN DO TRABALLO NA AULA INVERTIDA

Cando nos propoñemos empregar o recurso da aula invertida o fundamental e ter en conta pasos fundamentais que temos que levar cabo. Dous destes pasos, o primeiro e o derradeiro, lévanse a cabo polo docente e o alumnado implícase directamente nos 4 centrais. Estes pasos son consecutivos, e dicir, non debemos pasar ao seguinte sen ter rematado o anterior xa que en cada un dos pasos adquirimos información, tanto o alumnado como os docentes, imprescindible para desenvolver de xeito correcto a seguinte das 6 etapas. Estes pasos son:

1. Definir contidos, obxectivos e estratexia docente
2. Introducción da tarefa a realizar fora da aula
3. Realización da tarefa fora da aula (habitualmente un visionado)
4. Actividades en aula e avaliación do aprendido co visionado
5. Realización de diversas tarefas despois da sesión
6. Avaliación do docente

Os pasos que realiza o alumnado estruturaríanse así:



1. Definir contidos, obxectivos e estratexia docente

Este é un paso fundamental do que depende o éxito da túa aula invertida. Temos que ter en conta o que queremos que acade o noso alumnado antes, durante e despois da aula.

O fundamental é definir os contidos e o nivel dos mesmos para asegurarnos de que o alumnado non teña dificultades para construír unha imaxe mental dos mesmos e conectar estes diferentes contidos.

Como sabemos, partimos duns contidos estipulados que temos que impartir pero para elaborar os materiais de aula invertida temos que facer unha escolma deles. Temos que seleccionar cales son os máis idóneos para realizar material audiovisual. Tamén é necesario ter en conta os contidos que escollemos para elaborar os materiais xa que deben poder ligarse cos anteriores e vindeiros, para favorecer así o fluxo de coñecementos dentro da nosa materia.

Deste xeito salienta que a elaboración de mapas conceptuais é moi beneficiosa nesta tarefa xa que nos axudan a definir o nivel dos contidos que desexamos impartir así como a separar en pequenas pezas o resto de temas cos que elaboraremos as leccións.

Para elaborar estes mapas temos multitude de ferramentas informáticas como por exemplo: Simplemind, Mindjet ou Mindomo

Temos que ter en consideración como vai achegarse o alumnado aos obxectivos de aprendizaxe e logros que nós seleccionamos. Esta tarefa de escoller os obxectivos e logros á acadar é fundamental xa que nese intre decidimos o que desexamos que o noso alumnado acade e sexa capaz de facer ao rematar a lección. Teremos tamén en conta desde o principio como avaliaremos estes obxectivos.

Deste mesmo xeito é fundamental ter claro como van acadar eses obxectivos os nosos alumnos e alumnas: crearán un proxecto?, solución de problemas?, analizarán datos?, debaterán?

Finalmente teremos en conta o xeito de contextualizar o contido dos novos materiais educativos que se crearán en relación aos contidos globais da materia e da súa estruturación, das súas aplicacións no mundo real, de como encaixan cos obxectivos que lles plantexamos como o seu docente, etc. Todo isto proporciona información vital ao alumnado da aula invertida.

2. Introducción da tarefa a realizar fora da aula (habitualmente un visionado)

Unha tarefa fundamental é planificar e elaborar os materiais educativos con antelación á aula para poder presentarllo antes de que o empreguen fora do centro. Temos que preguntarnos: cal é o mellor xeito de presentarllo? Textos, animacións, material multimedia?

Esta fase é fundamental para a A MOTIVACIÓN do alumnado e non fracasar no emprego da aula invertida.

3. Realización da tarefa fora da aula

Se realizamos correctamente o traballo motivacional e de contextualización previo a realizar a tarefa fora da aula, o visionado, polo xeral, temos moita máis probabilidade de que o noso alumnado realice na casa diferentes tarefas fundamentais para traballar ese contido dun xeito proveitoso na aula.

Estes son algunhas das tarefas que lles podemos encomendar ao alumnado para realizar na casa antes da sesión de aula no centro:

- responder “en liña” a preguntas con solución aberta sobre o material que visionaron
- anotar e traer a aula preguntas sobre os materiais de aula invertida que levaron
- preparar unha breve presentación sobre o tema
- tratar de resolver algún problema
- buscar exemplos relacionados co tema para traer á aula

4. Actividades en aula e avaliación do aprendido co visionado

A escolla das actividades ten un fundamento claro: tentar que centren ao alumnado en acadar habilidades cognitivas de alto nivel, para o que teremos en conta os obxectivos que nos marcamos no primeiro paso da organización do traballo con aula invertida.

Nós, como docentes, temos que ter claro en que tipo de sesión post-visionado queremos que o alumnado traballe de xeito individual, co docente supervisando e apoiando a tarefa, en grupos de alumnos e alumnas onde se axudan uns a outros a solucionar os problemas ou nun só gran grupo co docente como apoio global.

A actividade que escollos dependerá das metas de aprendizaxe a acadar e os obxectivos. Unhas permiten traballar dun mellor xeito certos tipos de contido que outras.

É necesario que nas primeiras sesións empregando a aula invertida realicemos unha breve introdución sobre esta metodoloxía ao alumnado xa que con toda seguridade moitos deles non traballaron nela nunca. Do mesmo xeito informar a pais e nais sobre ela é máis que recomendable para conseguir a máxima implicación na casa.

Na sesión presencial na aula co alumnado SON FUNDAMENTAIS os primeiros dez minutos xa que debemos adicalos a realizar certas tarefas para focalizar a atención deles. Recomendamos escoler entre algunha destas:

- o docente revisa as actividades previas realizadas na casa polo alumnado para tentar identificar dúbidas comúns
- realizar unha sesión de preguntas-respostas co alumnado motivadas polas actividades que realizaron na casa
- elaborar un test rápido de tres preguntas baseándonos nos obxectivos marcados

Debemos enfocar o resto da aula tendo en conta un enfoque activo de aprendizaxe que pode axudar ao alumnado a ir máis aló do aprendido co contido traballado na casa. Estes son algúns exemplos:

- traballar en tarefas variadas propostas polo docente
- presentar contido creado polo alumnado

- debater exemplos propostos polo alumnado e polo docente
- debater sobre o tema
- compartir e intercambiar coñecementos entre alumnos e alumnas, entre iguais.

Neste punto realizariamos unha pequena avaliación. Falaremos polo miúdo no derradeiro tema desta formación.

5. Realización de diversas tarefas despois da sesión

Unha dúbida que pode xurdir en nós como docentes é se o noso alumnado da aula invertida continuará adquirindo coñecementos ao rematar a sesión na aula.

Novamente temos que acudir aos obxectivos marcados na primeira etapa deste proceso e decidir que actividades poden realizar os alumnos unha vez rematada a sesión, ben de xeito individual ou ben de xeito colectivo. Determinaremos que alumnos ou alumnas deben realizar un traballo extra no tema tratado e cales poden facer un aprendizaxe ponte cara o seguinte (e poder empregarlos como introdutores cara os seus compañeiros). Non aprendemos algo dun xeito eficiente nunha soa vez, temos que seguir practicándoo de varios xeitos durante un largo período de tempo. Temos que determinar con que frecuencia o alumnado ten que revisar o xa practicado para realmente fixar con éxito o material traballado.

6. Avaliación do docente e do alumnado

Aínda que falaremos exclusivamente de avaliación no derradeiro tema desta formación o último paso da nosa organización da aula invertida e avaliar, tanto ao alumnado como a nos mesmos. Sirvan como pequena introdución estas preguntas:

- acadaron todos os obxectivos propostos no punto 1?
- en que nivel acadaron estes obxectivos e coñecementos?
- Baseándonos en experiencias previas co curso, melloraron a súa aprendizaxe co novo modelo?

E sobre nós mesmos como docentes:

- agora que invertemos a aula, funcionou? Como o saberás?
- Comunicaches as ideas de xeito efectivo?
- Aportaches abondas oportunidades o alumnado para practicar?
- Como foi aceptado o novo modelo polo alumnado?